

Protocolo COVID 19 para 1º e 2º ESO

- Non se poderán cambiar nos vestiarios, polo que terán que vir coa roupa de deporte posta da casa.
- O alumnado agardará polo profesor na aula. Á chegada deste, baixará acompañado polo mesmo en fila, gardando distancias e circulando sempre pola dereita.
- Ao chegar ao pavillón sentarase na bancada que se atopa ao principio do mesmo, nos lugares habilitados para isto. Deste xeito manterase en todo momento as distancias de seguridade.
- Nese lugar que ocupen deixarán a bolsa coa toalla e camiseta limpa que utilizarán ao rematar a clase.
- A fase inicial ou quecemento, realizarase de maneira conxunta respectando en todo momento as distancias.
- Rematada esta fase, a fase principal da clase desenvolverase aproveitando as seis cuadrículas marcadas para os recreos. En cada cuadrícula disporanse 4/5 alumnxs. Estes grupos formaranse na primeira sesión e serán estables ao longo do curso.
- Priorizarase o traballo individual, realizando exercicios ou actividades en grupo que estean permitidas (actividades con raqueta, sticks ou similares, ...) atendendo sempre á desinfección tanto das mans con hidroxeles coma do material ao remate da sesión.
- Ao remate da clase, o alumnado dirixirase ao vestiario (hai catro) que se lle asignará tamén na primeira sesión do curso, en grupos de 4/5 persoas onde realizarán unha mínima hixiene persoal e cambiarán a camiseta coa que realizaron a clase por unha limpa.
- Volverán ocupar o mesmo sitio na bancada do principio en canto rematen este labor.
- Cando todo o grupo estea sentado, novamente voltarán a aula do mesmo xeito que baixaron acompañado polo profesor.
- Tanto no ximnasio coma no pavillón haberá xeles hidroalcohólicos para uso do alumnado tantas veces como sexan necesarias.
- De usarse material, este será desinfectado ao remate de cada uso ou de cada sesión según sexa o caso.
- O uso da máscara será de uso **OBRIGATORIO** en todo momento.

Protocolo COVID 19 para 3º, 4º e 1º de Bacharelato.

- O uso da máscara será de uso **OBRIGATORIO** en todo momento.
- Tal e como está estipulado na normativa do centro nas clases nas que o alumnado se teña que desprazar a un aula específica, contemplarase este feito e se lle deixará o tempo necesario para o mesmo.
- Se lles indicou ao inicio de curso que deben vir xa cambiados para a clase. De todas maneiras como dispoñemos de dous vestiarios ambos permanecerán abertos para

poder ser empregados respectando en todo momento o número máximo de 4 persoas en cada un deles.

- Cando cheguen ao pabillón deberán deixar o seu material nas gradás, respectando a distancia entre os distintos postos.
- Se realizarán actividades co menor material posible nas primeiras sesións. No caso de empregar o material este será sempre de uso individual, e durante toda a sesión será empregado polo mesmo alumno/a que ao rematar debe encargarse da súa desinfección. Para elo temos no pabillón líquido desinfectante e panos desbotables.
- Nos momentos de explicación de exercicios, de mobilidade articular e de estiramientos, o alumnado permanecerá separado uns de outros. Non se delimitan zonas posto que se farán desprazamentos por todo o pabillón buscando a máxima separación entre eles.
- Non se contemplan actividades que impliquen contacto corporal entre o alumnado.
- Se recordará de forma reiterada o uso dos hidroxeles.